


Salvador F. Moreda, presidente da Deputación da Coruña

**'As caixas
galegas
son
solventes'**

Páxinas 8-9



'Hai que reducir concellos porque na actual situación non teñen futuro'

Xan Carballa

Paco Vilabarro *coruña*

Secretario provincial dos socialistas da Coruña e presidente da Deputación, Salvador Fernández Moreda amósase optimista ante as municipais de 2011, crítico co primeiro ano de xestión do PP na Xunta e decidido partidario dunha fusión de caixas "que non sairá forzada por unha lei, senón pola convicción de que é o mellor para Galicia".

A un ano das eleccións municipais, e con sete anos á fronte da Deputación, que perspectivas electorais teñen os socialistas na provincia?

Confiamos en manter os resultados e posibelmente amplialos. Temos comarcas nas que pensamos subir e repetir en alcaldías de Santiago, Ferrol e A Coruña. Estudos propios tanto de partido xudicial como concello a concello confirman esta expectativa. Daquela tamén confiamos en renovar o mandato na Deputación, o ideal sería con maioría, pero senón seguindo cos acordos que hoxe xa temos. **A crise non lle vai afectar a ese proceso electoral?**

Aféctalle, pero máis nunhas eleccións lexislativas que nunhas locais nas que a identificación cos candidatos é máis directa e compensa a perda que, agora, pode causar a crise económica.

Fala de renovar o acordo co BNG, pero cal é o balance da súa relación?

Non temos que demonizar as coalicións, que no sistema político europeo son algo normal. En Europa e en España non goberna quen ten máis votos nas eleccións senón quen é capaz de articular unha maioría estábel que sosteña unha acción de goberno. Aquí sucederon cousas que influíron en que se visen como algo extemporáneo, porque para facer coalicións esíxese cultura democrática e o que non se poden facer é dous gobernos. Ten que haber un programa compartido e é indubidábel que o que ten máis peso aplica máis do seu programa que a forza minoritaria. Facer dous gobernos foi unha tentación que eu non tiven e en Gali-

O PP sostén a idea de que se precisa unha reforma electoral para que governe a lista máis votada ou haxa segunda volta. Non me importaría que houbera segundas voltas, pero tamén lle digo que as maiorías absolutas ás veces producen máis problemas que os gobernos de coalición, porque enténdese cos propios tamén é complicado.

O último congreso provincial foi unha experiencia nese sentido? Non, alí houbo dúas candidaturas e foron votadas. Mesmo me propuxeran facer unha entente entre ambas e non me pareceu razoábel. O normal é que haxa persoas que confronten ideas e que os militantes decidan libremente, pero non facendo paripés de última hora. Se se perde debe haber cultura democrática para poñerse ao servizo dos que gañan.

Na organización territorial os nacionalistas sosteñen que o afianzamento das autonomías quitanlle sentido ás Deputacións. Agora que se fala de agrupar concellos ou reducir estruturas administrativas redundantes para aforrar, seguen tendo papel as Deputacións?

Hoxe por hoxe son imprescindíbeis. Se houbera unha reforma poderíamos prescindir delas e



Este foi un ano perdido, nunca tivemos tanto paro nin se crearon tantos conflitos innecesarios"



En todos os países europeos foise á redución de concellos; se na Coruña pasásemos de 90 a 30 e suprimísemos a Deputación non pasaría nada"

doutras moitas cousas máis. Temos que ter claro que non é sostíbel o número de concellos que temos en Galicia e en España. En todos os países europeos se foi á redución e se aquí o fixésemos, en a Coruña pasásemos de 94 a 30 e suprimísemos a Deputación non pasaría nada. Pero o que hai que facer primeiro é descentralizar a comunidade autónoma, non recrear un novo centralismo. Os gobernos están para servir os cidadáns e estes viven nas cidades e nas vilas. Alí expresan os seus problemas máis cotiáns e témoslle que dar aos concellos os medios para atender con eficacia esas de-

mandas. Transferíndolle as competencias que, por proximidade, podan exercer mellor que a autonomía.

Politicamente ningunha forza abandeira a simplificación de concellos.

Este é un tema que hai que sacar adiante de común acordo. Quizais non haxa que fusionalos senón procurar novas maneiras de xestión, por exemplo cos consorcios. Os concellos non teñen que ter cadansúa recollida de lixo ou xestión e abastecemento de auga, poderían compartilo cos limítrofes. Sae máis barato e fáise mellor mancomunar servizos e pódese diferenciar entre municipio e concello, un tendo ámbito político e outro territorial. Un alcalde e uns concelleiros poden exercer a súa autoridade sobre o territorio de varios concellos. Pode haber moitas fórmulas, pero non vale falar todos moito e non facer nunca nada, porque tal como están os concellos son insostíbeis.

Somos debedores dunha estrutura de poboación...

Somos debedores de moitas cousas, entre elas de 17 anos de crecemento económico sosti-do, que implicaba que todos os anos medrasen os orzamentos un 10% e creáronse moitas cousas con alegría de máis e >>>

'Opoñerse á fusión das caixas é lexítimo perc

A axenda política dos últimos meses está centrada no futuro das caixas de aforros. Cal é realmente a súa situación? Perigo o seu futuro?

Falo como presidente da Deputación ou militante socialista, non como vicepresidente de Caixa Galicia, que ten as súas maneiras de expresarse. As dúas caixas galegas están ben, son solventes, teñen unha morosidade inferior á media, ratios de solvencia, core capital ou Tier por enriba das caixas españolas. O problema é que a crise financeira acelera a reorganización do sector en España, e precisase máis tamaño e entidades con maiores activos para poder adaptarse á nova situación. Eu son partidario da fusión das caixas. Se a fusión é viábel e é solvente non hai ningún argumento para opoñerse. A fusión non é cousa dunha lei, senón da



As dúas caixas galegas están ben, son solventes e teñen unha morosidade inferior á media"



O tema das caixas é máis importante que a reforma do Estatuto ou financiamento autonómico"

vontade dos que teñen que fusionarse. Un di que está disposto e outro que non quer. Se as dúas asembleas xerais

das caixas o acordan faise.

Non houbo pronunciamentos abertos de ningunha delas nin das equipas de goberno.

Das caixas está todo dito. A fusión é viábel porque é solvente e xera valor. Quen se opoña á fusión defende intereses que son lexítimos pero non está defendendo os intereses de Galicia. Este é un tema máis importante que a reforma do Estatuto ou a financiamento autonómico.

Esa posición súa, tan clara, non é común a todos os socialistas galegos.

No Partido Socialista é igual de clara e contundente. Está a favor dunha fusión coma min, pero unha fusión pactada, voluntaria e paritaria, non imposta. Non unha fusión para que un partido controle unha entidade financeira galega. Un matrimonio fun-



>>> cando as vacas son fracas é complicado mantelas. **Pero de financiamento local lévase anos falando e ninguén lle pon o axóuxere ao gato.** Creo que está planteado, e hai quen di que a finais deste 2010 quedará resolto. Ogallá. Pero non é só iso. Margaret Thatcher dixo, cando se falaba de integrarse na UE: "o que poda facer Londres que non o faga Bruxelas". Ese é o principio de subsidiariedade que eu comparto falando dos concellos. Dotémoslos desas competencia e dos medios financeiros e humanos para facelo.

A insuficiencia financeira e certa desregulación do territorio, abriu o camiño a que fose a construción a fonte de cartos principal e de aí deriváronse moitos episodios de corrupción. Os concellos financiáronse de transferencias correntes do Estado e das taxas da construción. Cando vén a crise e se recada menos quedan estrangulados. Ou se ordenan os concellos ou moitos son insostibéis.

Que balance fai deste ano de goberno do PP?

Foi un ano perdido, porque nunca tivemos tanto paro, nin se crearon tantos conflitos innecesarios como o da lingua. As listas de espera aumentan e están enfrontados co sector sanitario, cos ensinantes, co da cultura, cos empresarios tamén porque caeu a licitación até límites insospitados, suspendeuse o concurso eólico e as empresas do sector, que tiñan expectativas, están metidas en EREs. Non se resolven problemas e ademais dedícanse a crear outros novos. ●

non defende os intereses de Galicia'

cióna se dous queren casar, e se o obrigas vai fracasar. A fusión é complexa tecnicamente e se non hai vontade de facela é mellor deixalo.

Neste proceso de reordenación ou se fusionan aquí ou se buscan a vida fóra. Eu prefiro que se arranxen aquí. Tratemos de convencer a quen non quere de que é o mellor para Galicia. **Caballero, que é alcalde en Vigo, non semella compartir esa opinión.**

Defende o que cree que é o interese da súa cidade. Pero equivocámonos porque o primeiro é saber se facemos voda e algúns xa falan do traxe, sexan as sedes ou outras cuestións secundarias. Entendo que en Vigo houbo unha fusión que deu lugar a Caixanova e teñen un medo real e léxítimo a que desapareza unha enti-

dade financeira. Pero esa é unha situación a resolver pero non debía ser un problema para levar adiante algo que é bo para Galicia.

E non son viábeis manténdose cada unha por si soas?

Os SIP son practicamente irreversíbeis e supoñen unha fusión a longo prazo. Independentes poderíanse manter se non tivese pasado nada no sistema financeiro, pero se non o arranxan aquí vanllo arranxar fóra, e non quedarán como están.

O Banco de España e o FROB deciden por riba da autonomía galega?

É indubidábel. Hai unhas competencias no estatuto, pero o Banco de España tenas pola vía constitucional. Pero o Banco de España non opina até que se lle presente un proceso de fusión.

Hai un debate oculto nesta materia?



A lei de cabzas fíxose correndo coa única finalidade de torcer a vontade expresada por unha caixa e obrigala a cambiar a dirección"



Os SIP son practicamente irreversíbeis e supoñen unha fusión a longo prazo"

Está todo á vista, pero falouse moito e politizouse en exceso.

A lei de cabzas agora recorrida fala-ba de despolitización.

Fíxose de presa e correndo coa única finalidade de torcer a vontade expresada por unha caixa para obrigala a cambiar os órganos de dirección nunha determinada porcentaxe para que adoptase as decisións desexadas. Non é a lei que precisabamos e o goberno central recurriu a apoiándose no ditame do Consello de Estado. Gustaríame que chegasen a un acordo e se favorecese a fusión, pero para conseguila non hai que cambiar leis senón a vontade dos que teñen que facela. Se non a hai, cada un que se busque a vida. A fusión sería importantísima, porque facendo unha xestión de excelencia dentro de catro ou cinco anos, cando veña unha nova volta deste proceso, Galicia estará mellor disposta para participar como aglutinadora doutras entidades. ●